Consello da Cultura Galega

XXVIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Música, orgullo e identidade

CURRÍCULOS

XOSÉ LUIS RIVAS CRUZ "MINI"

Naceu na parroquia de Pacios-Begonte-Lugo o 18 de xuño de 1951, fixo a carreira de maxisterio en Lugo comezando a docencia de xeito oficial como interino no Vicedo-Lugo no outono do ano 1973.

Sempre gustou de cantar, na súa familia cantábase desde a copla de Marifé de Triana pola súa nai ata a zarzuela que gustaba de cantar o seu avó materno Luis, pasando pola canción tradicional da súa avoa Esperanza.

De personalidade tímida era quen de vencer este aspecto vital cantando por un caramelo con tres ou catro anos. Arredor dos catorce consegue (os Reis Magos) a súa primeira guitarra e aprende a tocala de xeito autodidacta. Con ela acompaña e canta todo tipo de canción ata que é consciente da súa procedencia de clase e cultura, momento que coincide co nacemento do grupo Fuxan os Ventos e os últimos estertores do franquismo formal.

Forma parte dun dúo chamado Los Soñadores cantando canción latinoamericana, logo actúa en festivais de música en Lugo como solista, logo vén Fuxan, despois A Quenlla e os tempos actuais con Catro nun Zoco.

Sente unha enorme curiosidade pola tradición do seu pobo e da súa clase social e profesa un claro recoñecemento a Xesús Mato, crego musicólogo responsable do nacemento de Fuxan os Ventos e da súa dedicación á recolla de folclore neste noso País.

Cantar é para el un xeito de afirmación identitaria e de militancia social, cultural e política como reflexión e regreso da xente deste pobo á identidade galega en todos os seus aspectos.

É a liberdade a súa meta irrenunciable e cantar un camiño que non ten cabo.

XURXO SOUTO

A Coruña, 1966.

Licenciado en Filoloxía Clásica pola USC, docente e artista multidisciplinar.

No eido audiovisual, foi director da serie de programas sobre música popular *Galicia Repichoca* (TVE en Galicia), da película documental *Pucho Boedo, un crooner na fin do mundo* (2003) ou do documental *Dos gaiteiros do mar* (codirixido con Martín Rodas, 2015). Tamén traballou en coñecidos programas radiofónicos como *A tropa da tralla*, en Radio Coruña, ou *Aberto por reformas* e *Mil ribeiras*, na Radio Galega.

Como escritor asinou *A tralla e a arroutada* (Xerais, 1995), *Pangalaica* (Galaxia, 2020), *Somos un pobo de artistas. O método Luísa Villalta* (Xerais, 2024) ou *A novela do Bravú* (Xerais, 2025), entre outras obras.

Participou como actor en series como *Mareas Vivas* (TVG) ou na película *Entre bateas*, de Jorge Coira.

No ámbito musical, desde o ano 1990 ata o 2001 foi o vocalista e acordeonista da mítica banda Os Diplomáticos de Monte-Alto, un dos buques insignia do "rock bravú", movemento musical que a mediados dos anos 90 revolucionou a escena musical galega cun rock cantado en galego, inspirado na cultura popular e acompañado de guitarras eléctricas. Nesta etapa a banda publicou os discos *Arroutada Pangalaica* (1991), *Parrús* (1993), *Avante toda* (1995), *Fumareu* (1997) e *Capetón* (1999).

Posteriormente, impulsou a creación do grupo Os Tres Trebóns, formado por veteranos da escena musical galega, coma Fran Amil, Antón Díaz, Lourenzo Castro e o propio Xurxo Souto.

Desde 2017 forma parte da Orquestra Bravú Xangai, integrada por destacados nomes que no seu día formaron parte de bandas creadoras do movemento Bravú e proxectos posteriores (Guni Valrela, María do Vinculeiro, Richi Casás, Xan Xove, Antón Díaz, Martiño Mato, Olivier Cano, Miguel Paz, Xosé Manuel Miranda e o propio Xurxo Souto ao temón). Xuntos, publicaron en 2024 o disco *Os Saxofóns de Occidente*.

GUADI GALEGO

É unha das artistas máis relevantes da escena galega actual, froito dunha andaina musical que comezou sendo moi nova. En 1997 entra en Berrogüetto como vocalista, pianista e gaiteira, e grava con eles tres discos. *Viaxe por Urticaria* (1999) e *Hepta* (2001) foron calorosamente recibidos pola crítica e obxecto de varios premios e recoñecementos (entre eles o de Mellor Grupo Folk Europeo de 2000 e unha candidatura aos Grammy Latinos de 2002). Seguiunos *10.0* (2006), que acadou o segundo Premio Opinión a Mellor Disco Galego do ano e foi candidato aos Premios da Música co seu tema “Xente”.

Para daquela Guadi xa comezaba a experimentar con diversas sonoridades en formacións como o seu proxecto máis íntimo e persoal, Espido (con Guillerme Fernández) ou Nordestin@s (con Abe Rábade e Ugia Pedreira), ambas tamén galardoadas co Premio a Mellor Disco Galego. No 2009 inicia a súa carreira en solitario con *Benzón*, álbum aclamado pola crítica galega e española, sen deixar de participar noutros proxectos. Así, no ano 2012 sae o disco *aCadaCanto*, proxecto intimista onde traballa unha vez máis con Guillerme Fernández, acompañada tamén por Xabier Díaz na voz e Xosé Lois Romero no acordeón. No 2014 ve a luz o seu segundo traballo en solitario, *Lúas de outubro e agosto*, e no 2016, ano en que acada o Premio Martín Códax da Música á Mellor Artista na categoría de Canción de Autor, sae o terceiro, *O mundo está parado*. Este disco viaxa do persoal á reflexión colectiva sobre cuestións como a identidade e a coherencia, elaborando unha sonoridade envolvente con arrecendo pop que reapareceu no EP *Bóla de cristal* (2018).

No 2019 estreou *Immersion*, unha relectura musical e lingüística das súas obras máis recentes da man de artistas como Iván Ferreiro, Clara Peya, Xabier Díaz ou Lisandro Aristimuño. Este álbum valeulle o Premio á Promoción da Realidade Plurilingüe no Estado español. En 2020 viu a luz *Costuras*, un álbum que aúna 10 cancións de Guadi Galego e Carlos Abal onde a autora se amosa tal como é.

Após dous anos de xira e máis de 40 concertos por todo o estado, en 2022 nace *Roibén*. En setembro de 2023, Guadi Galego lanzaba no seu sinxelo *O.D.A*. unha mensaxe ao mundo: "Estou tan viva. Sigo viva". Unha etapa que entronca coa estrea en 2024 do espectáculo *Síntese Horizonte*, expresamente concibido para representar en directo e amosar a inmensa forza da música ao vivo. Finalmente, en 2025 sae o seu novo disco *Pélago. Contos oníricos,* un traballo que nos invita a mergullarnos nun mundo de imaxes e sentimentos, onde a propia artista propón unha viaxe onírica a través das súas letras e cancións.

[Fonte do texto: Culturactiva.org]

FAIA DÍAZ

Santiago de Compostela, 1988.

Cantante, creadora e historiadora da arte. Leva desenvolvendo a súa carreira musical a nivel profesional desde o 2015, traballando en diferentes proxectos relacionados coa música e a investigación artística contemporánea.

É fundadora e integrante do grupo musical De Vacas desde 2015, do Coro Encaixe desde o 2016 e do trío Nacho.Faia.Lar desde 2018. Compaxina estes proxectos grupais coa súa carreira en solitario.

No ano 2018 lanza *Ao cabo leirín*, una autoedición en vinilo centrada no cancioneiro tradicional e reinterpretado en clave experimental e feminista; un traballo de exploración da voz en diversos espazos sonoros, producido por Hevi (Fluzo, Malandrómeda). Este disco foi seleccionado como terceiro mellor álbum estatal de raíz en 2019 pola revista *Mondosonoro* e finalista a mellor proxecto de música tradicional nos Premios Martín Códax da Música 2020. Foi levado ao directo co músico Benxamín Otero actuando en festivais como Festival Sinsal, Festival Noroeste, Monumenta ou Vangal.

En 2022 presenta o seu segundo espectáculo, *Mixurriña*. Participou en concertos e performances corais como *Concierto Menú* da artista Marta Fernández Calvo, ou *Mulleres e Wolframio*, en diálogo coa artista plástica Eva Lootz, sobre o papel das mulleres mineiras en Galiza.

Foi fundadora e integrante do dúo Apatacón, xunto coa contadora Vero Rilo, no que mesturaban música e narración oral (2018-2022). Realizou o deseño sonoro na exposición *Fuxan os Ventos, 50 anos de historia*, en 2022. Participou na película *La Marsellesa de los borrachos*, de Pablo Gil Rituerto, en 2024. É tamén integrante do cuarteto de Xan Campos e formou parte da banda de Guadi Galego na súa xira *Síntese Horizonte*.

MANUEL MASEDA

Aprendeu a tocar o acordeón por xenética. Foi o seu pai quen o encarreirou no mundo da música en Burela e tamén no xeito de vivila intensamente. No seu estilo musical está sempre viva, como feito diferencial, a enerxía da música en directo. Os seus estudos musicais profesionais de solfexo, piano e canto realízaos no Conservatorio de Santiago de Compostela, cidade na que tamén cursará a diplomatura en Educación Musical e na que actualmente mora. Máis tarde complementará en Salamanca a súa formación académica coa licenciatura en Historia e Ciencias da Música. Exerceu como director do IES Maximino Romero de Lema (Baio, Zas) durante oito anos e na actualidade ten destino no IES do Milladoiro como docente de música.

A pesar de tocar varios instrumentos, é o acordeón o seu símbolo de identidade, en torno ao que xira todo o seu discurso musical. Isto levouno a formar hai anos o dúo chamado Serra-lhe aí!!! que posteriormente se transformou nunha grande familia musical. Foi tamén membro fundador do grupo Fiandola e Taghaitaí, nos que a música tradicional son esencialmente a canle de comunicación escénica.

Tamén experimentou unha interesante etapa compositiva e interpretativa cos Diplomáticos de Monte-Alto como vocalista, acordeonista e saxofonista. Compuxo e gravou temas con Guadi Galego, Sés, Lamatumbá, O Sonoro Maxín… entre outras. As súas inquedanzas lévano tamén ao mundo da creación audiovisual de documentais e á produción musical.

Leva anos traballando no Proxecto Regueifesta, no que tenta –xunto con Séchu Sende– levar o mundo da improvisación oral en verso ás aulas do sistema educativo público. Un proxecto de dinamización lingüística a través do activismo social e educativo que nos últimos anos medrou dun xeito imparable. Na actualidade está a traballar no proxecto educativo “Ao son da nosa música”, un camiño para tecer pontes de encontro entre o mundo artístico en galego e o ensino público.

MARTA ÁLVAREZ

Música e profesional vinculada ao sector cultural galego. Forma parte de De Ninghures, banda de música galega que parte da tradición para reinventala desde unha perspectiva contemporánea.

Co grupo publicou os discos *Aquí* e *Feira*, este último recoñecido en 2026 co Premio MIN ao Mellor Álbum en Galego. De Ninghures conta tamén cun Premio Martín Códax da Música na categoría Folk, consolidándose como unha das propostas máis destacadas da nova escena musical galega.

Ademais da súa actividade como música, Marta forma parte da organización da Foliada da Fonsagrada, un encontro dedicado á música e á cultura tradicional galega que conta xa con máis dunha década de traxectoria.

Profesionalmente, traballa en Tremendo Audiovisual, empresa vinculada á representación de artistas, á produción e á organización de eventos culturais, o que lle permite coñecer a cultura desde diferentes perspectivas.

A súa traxectoria sitúase así no encontro entre música, tradición, creación e xestión cultural.

HUGO GUEZETA

Rapeiro e compositor. Natural de Ponteareas, conta cunha longa traxectoria no panorama do hip-hop galego. Comezou improvisando e compoñendo as súas primeiras letras de rap arredor do ano 2008. Nun inicio facíao en castelán, foi anos despois cando deu o paso de comezar crear música en galego. No ano 2016, formou o grupo SonDaRúa. Ademais dos traballos lanzados con SonDaRúa, publicou no ano 2016 *A dignidade non se merca* (maqueta) e *1991* (EP) en 2022.

A finais de 2024, volveu á escena cun novo proxecto en solitario coa publicación do seu primeiro traballo de longa duración *O Noso Tempo*, producido por Peter Petrowski, co que leva percorrendo o país até a actualidade. O seu novo proxecto musical mestura ritmos e temáticas diversas, cunha raíz de reivindicación social e protesta, mais coa versatilidade de non querer encadrarse nun estilo concreto.

Actualmente, atópase a piques de pechar a xira de *O Noso Tempo* na Sala Capitol, para continuar o vindeiro ano con nova música e nova xira de presentación.

BELÉM TAJES

É unha das voces de referencia da canción pop de autora en Galicia. Cantante, compositora e especialista en musicoterapia, esta artista galego-arxentina comezou a súa traxectoria tocando e cantando en agrupacións tradicionais, aprendendo tamén dos cantares das súas avoas, naturais de Camariñas (Costa da Morte).

Tras formar parte de grupos de referencia como Luar na Lubre, Aliboria e Moura, e colaborar con Vetusta Morla na xira Cable a Tierra, Belém Tajes emprende o seu proxecto en solitario, facendo seus estilos como o pop e a música tradicional galega e latinoamericana.

Despois publicar o seu EP de estrea, *Un Mapa*, inspirado na súa Arxentina natal, en novembro de 2024 lanza o seu primeiro álbum, *AMAR O MAR*, con colaboracións destacadas como as da poeta Rosalía Fernández Rial, o artista sonoro Álex Silva e a cantante canaria Marilia Monzón.

"*Belém Tajes entrega unha obra que transita entre o pop máis experimental e momentos de íntima contemplación. A súa voz guía un álbum que convida tanto á introspección como ao movemento. A súa estrutura —con interludios que fían as cancións principais— enriquece a narrativa e reforza o seu carácter e a súa visión artística. O seu formato físico en forma de ecodisco (producido con materiais sostibles) amplifica a conexión temática co océano e o respecto polo medio ambiente, engadindo un valor artesanal do que poucos proxectos poden presumir. Unha artista a seguir*." (Mondosonoro)

GRANDE AMORE

Nuno Pico naceu no 1995 en Frexulfe, parroquia do Concello do Valadouro. Se algunha das persoas que está a ler isto o coñece, seguramente o faga por Grande Amore, o proxecto que formou a mediados do 2019 e do que a día de hoxe é cantante, guitarrista e compositor. Pero o certo é que tocou en varios grupos antes, e tamén nalgún que outro despois. Dende os 15 anos, tocar en grupos e facer cancións é ao que dedica todo o seu tempo, de feito.

Formou parte de Oh! Ayatollah (agora rebautizados como Portosanto), do grupo de Roberto Sobrado, de Los Rastreadores... entre moitos outros. E, como Grande Amore, fixo colaboracións con varias ducias de artistas tanto galegas como do panorama estatal.

Tamén é graduado en Filosofía, primeiro, e en Comunicación Audiovisual, despois, pero en declaracións do propio artista: "por sorte para min, para a filosofía e para a comunicación audiovisual, nunca cheguei a exercer de ningunha destas dúas disciplinas".

BERNARDO PENABADE

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, complementou estudos na especialidade de Filoloxía Hispánica. Nese tempo, a mediados os 80, con Luís Poupariña, desenvolveu unha intensa actividade na comisión de cultura da Residencia Universitaria 'Burgo das Nacións', onde impulsou a convocatoria dun célebre Certame Literario que serviu para descubrir novos valores. Desde 1985, mantivo colaboración artística no sector audiovisual coa empresa Imaxe Galega en traballos encargados pola TVG. Ademais da sincronización e dobraxe de filmes e seriais televisivos, ocupouse da tradución de guións (especialmente de programas destinados ao público infantil).

Entre 1997 e 1998, foi colaborador habitual de *Volvoreta*, o suplemento do xornal *El Correo Gallego* para a comunidade universitaria de Compostela, onde publicaba noticias de libros e entrevistas a escritores/as galegos/as.

Tras un breve período de docencia no Colexio Paulo VI da Rúa de Valdeorras, foi profesor no Instituto Otero Pedraio de Ourense, en Bueu, Ortigueira e en Viveiro. Desde 2003 ata 2024 (ano no que se xubilou) estivo destinado no IES Perdouro de Burela.

Participou en numerosos congresos con relatorios publicados sobre sociolingüística e didáctica. Traballos seus poden lerse na revista *Agália,* en *A Nosa Terra* e *Novas da Galiza*, como tamén nas actas de diversas reunións de carácter científico.

Desde 1983 é membro da AGAL, entidade en que colaborou con diversas personalidades relevantes da cultura galega, entre elas Ricardo Carvalho Calero. Integrante do consello directivo en diversas ocasións, resultou elixido secretario en 1996 e foi presidente no período 2001-2007, encabezando un movemento de integracionismo nun sentido integrador.

No campo da didáctica é o impulsor do "Modelo Burela de Planificación Lingüística", unha estratexia educativa en aplicación desde 2004.

FÁTIMA PEGO

Naceu en Bastavales, no concello de Brión. Xornalista, presentadora, cantante e actriz, estudou Comunicación Audiovisual e desenvolveu a súa traxectoria profesional en diferentes ámbitos da comunicación e da creación artística.

Traballa como reporteira e como presentadora na Televisión de Galicia, ademais de participar en diferentes proxectos audiovisuais como actriz e de poñer voz a personaxes e pezas de dobraxe en galego.

A música é tamén unha parte fundamental da súa vida profesional. Neta da pandeireteira e cantareira Josefa de Bastavales, comezou a súa andaina musical nas orquestras, sendo vocalista de orquestras como a Panorama. Na actualidade, desenvolve a súa carreira como cantante solista, compaxinándoa co seu traballo no ámbito da comunicación e da televisión.

O galego estivo presente ao longo de toda esta traxectoria: na súa vida persoal, na televisión, na interpretación, na dobraxe, na música e tamén nas redes sociais. Defensora dunha lingua viva, actual e sen complexos, entende a comunicación e a creación artística como ferramentas para achegar o galego a todos os espazos e demostrar que falar, cantar, interpretar e crear en galego é unha forma máis de contar quen somos. E Fátima sen o Galego, non sería Fátima.

ORTIGA

Manuel González, coñecido artisticamente como O Chicho do Funk ou Ortiga, é o *latin boy* da escena alternativa galega e desde mediados da década dos 2010 forma parte da cultura pop da última xeración. Formou parte de diferentes proxectos musicais como Esteban & Manuel ou Boyanka Kostova e en 2019 comezou o seu proxecto en solitario co disco *Chicho & sus chichas* (Ernie Records). Tras este primeiro traballo en solitario chegaron outros dous: *Sabes el Camino que Elegí* (Ernie Records, 2021) e *Obra social* (Raso Estudio, 2024), nos que tamén mestura a verbena, a cumbia e os ritmos electrónicos.

Colaborou con diferentes artistas da escena musical galega como Grande Amore (*Los rastreadores*, 2021), High Paw (*Poiro*, 2022) ou Pili Pampín (*Ortiga e Pili Pampín*, 2023).

Referente tanto da reivindicación das músicas latinas como da cultura de verbena en Galicia, desde a publicación de *Obra social*, o seu último álbum, Ortiga ofreceu máis de 50 espectáculos no ano de maior expansión territorial do proxecto, con *sold outs* en cidades como Madrid, A Coruña ou Santiago, entre outras. En 2026 continúa presentando nova música que formará parte dun novo álbum, ao tempo que segue afianzando o seu novo formato de directo, no que está acompañado de catro ventos e un corista.

ANTÍA MUÍÑO

A Coruña, 1992.

É cantante, guitarrista e compositora, unha das voces máis relevantes da nova canción ibérica. De formación clásica, Antía medra tamén vencellada á música tradicional galega e, paralelamente, descobre e afonda noutros estilos, principalmente o jazz e a música popular iberoamericana.

Graduada en Dereito pola USC, estuda guitarra clásica no Conservatorio de Santiago e, posteriormente, no prestixioso Musikene (Centro Superior de Música do País Vasco) acadando o Grao en Interpretación na especialidade de guitarra.

Este eclecticismo convértea nunha artista dificilmente clasificable, que procura fuxir de etiquetas e clixés e que nada sen complexos entre diferentes augas para transmitir unha voz versátil e poliédrica, á vez que profundamente persoal e singular.

O seu primeiro traballo, *Carta Aberta* (2022), convértese nun pequeno fenómeno dentro do circuíto, superando os dous millóns de reproducións nas plataformas e levando á artista a presentalo en numerosos puntos da xeografía estatal, así como internacionalmente en Portugal, Marrocos ou a República Checa. Nese mesmo ano, é seleccionada como artista da plataforma Equal de Spotify, facendo que a portada de *Carta Aberta* saia en rotación nas marquesiñas de Times Square de Nova York.

Anfibia Por Veces (2026) é o título do seu segundo traballo, un disco ecléctico e sorprendente no que a artista explora novas sonoridades e eleva o estilo intimista e o son acústico que a caracterizan. Este álbum é o resultado do traballo conxunto co destacado produtor galego Hevi e nel a artista reflexiona acerca de grandes temas universais como son a identidade, o amor, a procura dunha mesma ou o sentimento de pertenza. Antía reivindica tamén o papel da muller como creadora e instrumentista, incluíndo colaboracións con músicas destacadas da escena galega.

Gañadora de dous Premios Martín Códax da Música Galega, na categoría de Artista Emerxente (2022) e Canción de Autor (2026), foi tamén finalista na 46º edición dos Premios da Crítica de Galicia (2023). Colaboradora habitual de Baiuca e parte dos directos da banda nos últimos anos, Antía ten traballado así mesmo con outros artistas como Xabier Díaz, Abe Rábade, Las Migas, Caamaño&Ameixeiras, Luis Pastor, Mondra, a vasca Süne ou o brasileiro ZéVitor.

Entre os numerosos lugares onde se ten presentado en directo destacan o Festival de Jazz de San Sebastián (Heineken Jazzaldia), Veranos de la Villa, Inverfest e Sound Isidro (Madrid), Os Xoves de Códax, Jazz ao Norte, Festival Maré, Festival de la Luz, Festival do Pasatempo, Surfing The Lérez (Galicia), Atlantikaldia , Bidasoafolk e Urdufolk (Euskadi), e Festival N2, Noroeste, IKFEM e MUMI en Portugal. No ano 2023 presenta *Carta Aberta* en numerosos puntos da xeografía estatal, sendo seleccionada pola AIE (Asociación de Intérpretes y Ejecutantes) para xirar por todo o Estado. Grazas á colaboración co Instituto Cervantes e AIE realiza unha xira en Marrocos e é seleccionada tamén para participar na maior feira musical de África: o Visa For Music (Rabat). Tamén forma parte do festival Iberian Waves en Praga (República Checa) e participa nos Concertos de Radio 3 en dúas ocasións, sendo retransmitida a súa actuación na 2 de RTVE. Máis recentemente, foi seleccionada por Girando Por Salas para levar *Anfibia Por Veces* a diferentes espazos de todo o Estado.

MØU

Titulado en gráfica publicitaria pola escola Pablo Picasso da Coruña, MØU é un artista multidisciplinar cunha carreira marcada polo deseño gráfico, o muralismo e a música. É cofundador do estudio Mutante Creativo, ademais de codirector e comisario en eventos de arte urbana como o DesOrdes Creativas (Ordes),

Cromático (Cambre), Contemporánea (Compostela) ou Rexenera Fest (Carballo). Así como a súa propia carreira como artista mural.

Na escena musical, comeza no ano 95 formando parte de 5 Talegos, grupo pioneiro de rap en galego ata 2001. En 2003 fundou, xunto cos artistas García Mc (2003-2016), Sokram e Jamas, o grupo Dios Ke Te Crew, que revolucionou a escena musical galega ao converterse en pioneiro do rap publicando en 2006 o seu primeiro álbum, *Xénese*, un disco considerado o referente do hip-hop en Galicia ao ser o primeiro LP integramente en galego, ao que seguiron o maxi *Chove* (2009), *Humanose* (2011), o Ep *Dez* (2013), *O Ciclo da Serpe* (2019) e o Ep *En que ano estamos?* (2021), que consolidaron o grupo a nivel estatal.

Neste grupo MØU desenvolveu un papel crucial, poñendo voz a moitos dos seus himnos combativos e traballando na composición e produción das súas bases instrumentais.

En paralelo, MØU desenvolveu unha faceta musical en solitario con traballos como *A Taberna de Mou* (2007), *Mouxtape* (2010) ou *Hedra* (2022), ademais doutros sinxelos e colaboracións lanzados nas plataformas, e produciu discos para García Mc, Sokram, Alto Asalto ou Saibran de Boyanka Kostova.

Na actualidade está implicado no proxecto Lumedoloop, un trío musical formado por Jamas, DJ Mil e o propio MØU, tres figuras fundamentais da cultura hip-hop en Galicia. O seu primeiro álbum é *(Re)existencia* (2026), un traballo conceptual que explora identidade, resistencia e transformación.

LUZ CASTRO

Doutora en Informática pola Universidade da Coruña, profesora e investigadora na Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol e subdirectora responsable dos estudos de máster do centro. Coordina o Máster Universitario en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos da UDC e desenvolve a súa actividade docente e investigadora nos ámbitos dos videoxogos, os *serious games*, as tecnoloxías creativas e a intelixencia artificial aplicada. É deseñadora de videoxogos, divulgadora e formadora en innovación educativa, gamificación e igualdade.

Foi socia fundadora da empresa galega Imaxin e participou activamente no ecosistema tecnolóxico e emprendedor galego como cofundadora de iniciativas como a Plataforma polo Galego na Informática, Startup Galicia, videoxogo.gal e a Fundación Museo do Videoxogo de Galicia (MUVi). Forma parte do Comité de Sabias da Cátedra de Feminismos 4.0 da Universidade de Vigo e da Deputación de Pontevedra, un órgano consultivo integrado por referentes dos ámbitos STEM e da innovación que promove a igualdade das mulleres na sociedade dixital. A súa traxectoria combina a experiencia empresarial, a transferencia de coñecemento e a investigación aplicada con impacto social. En recoñecemento á súa carreira profesional e ao seu labor de referencia no ámbito tecnolóxico, recibiu o Premio Ada Byron do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

XMASEDA

Naceu en Viveiro no ano 2002 e é unha das voces pioneiras da nova xeración da música urbana galega. Comezou a publicar música en 2019, converténdose nun dos primeiros artistas da súa xeración en apostar polo rap en galego e construíndo, desde entón, unha identidade artística propia e recoñecible.

O seu primeiro gran impacto chegou en 2022 con "Paparrexo", un tema de marcado carácter emocional dedicado ao seu avó, que acadou milleiros de reproducións en poucas horas e lle abriu as portas da televisión pública galega. Desde aquela, Maseda foi desenvolvendo unha proposta na que conviven o rap, o trap e diferentes sonoridades urbanas.

Tras publicar sinxelos durante varios anos, no 2025 sacou á luz *PONTES*, o seu primeiro álbum: un traballo profundo e persoal que supón un punto de inflexión na súa traxectoria. A través das súas cancións, Maseda afonda nunha proposta marcada polo rap como medio para combinar a reflexión persoal cunha mirada sobre as experiencias, as relacións e as emocións que forman parte da súa xeración. *PONTES* representa así a consolidación dunha identidade artística propia, construída desde a lingua galega e desde unha maneira persoal de entender a música urbana. Un álbum no que o artista conecta diferentes influencias e sensibilidades e que evidencia a súa evolución desde os primeiros temas publicados en 2019 ata unha proposta máis madura e definida.

Nos seus últimos lanzamentos, o artista iniciou tamén unha nova etapa, achegándose a sonoridades máis melódicas e dinámicas e explorando novos territorios musicais sen renunciar á esencia que define a súa proposta. Esta evolución cristalizou en *6 a.m.ORES*, o EP publicado en xuño do 2026, no que incorpora ritmos como o reguetón e aposta por unha sonoridade máis directa e aberta a novos públicos.

Con colaboracións con nomes como Willow GHZ, XianPais, Kid Mount ou Yuly, XMASEDA65 forma parte dunha xeración de artistas que está a ampliar os límites da música urbana feita en Galicia e, especialmente, da creación musical en lingua galega.

Desde Viveiro e desde a súa propia experiencia, Maseda representa unha forma de entender a música urbana galega conectada co seu territorio, aberta á experimentación e en constante evolución.

O RABELO

Xanhe "O Rabelo" está interesado en temas como a educación, as artes, os animais, a natureza e o social. Estudou Filoloxía Hispánica (Salamanca, 2010-2014) e formouse en educación, especializándose na educación non formal no ocio e tempo libre a través da música e o xogo.

Anda na procura de organizar a vida coa veciñanza, está a favor da tenrura e da rabia, de axudarnos unhas persoas a outras e de aprender a tratarnos mellor. De escoitar as emocións e empregar a creatividade e a expresión artística para transformarnos.

Xoga coa música, as palabras e o corpo, co movemento e o estético no escenario e nas aulas para cuestionar o que é normal e que facemos co malestar. Explora a mitoloxía, a marxinalidade e o normativo a través das artes escénicas.

Nos últimos anos percorreu centros de ensino ensinando improvisación oral en verso tradicional (regueifa) como ferramenta para a liberdade de expresión, o pensamento crítico e a aprendizaxe de estratexias de resposta e autodefensa. Dá obradoiros de regueifa, fai charlas e debates en centros de ensino sobre normatividade e disidencia. Creou proxectos artísticos arredor da escrita e a música, con publicacións como *El libro de Iarnal*, *Tenruras e raivas*, *Betadine* ou os discos *Suor* e *Silva*, entre outros.

Desde os escenarios, desenvolveu o proxecto artístico do Rabelo, criatura híbrida mitolóxica que trae axitación e alegría para convidar á xente a transcender a vergonza e o medo a facer as cousas mal. Nos seus concertos fai música ao xeito en que se facían as festas de antes, as rúas, mesturando a música tradicional galega con xéneros como o reguetón ou o tecno para convidar a xente a bailar.

LAURA LAMONTAGNE

Lugo, 1993.

Cantante, poetisa e amadora do audiovisual. Descubriu no acto de recitar un lugar idóneo para a expresión artística tras asistir aos recitais composteláns de Caldeirería 26, Serpes na Cachola, os Poetry Slam Compostela e, posteriormente, a Noite Poética de Lugo.

Durante o año 2018 deu varios concertos en solitario nos que mesturaba audiovisual, poesía e música. Este proxecto musical con título propio (*La Elegía de La Huerta*) estaba acompañado, ademais de por unha proxección guiada polo que se canta e se conta, tamén por un poemario autoeditado de título homónimo, no que se posiciona a favor da interseccionalidade da loita antiespecista e feminista.

Nese mesmo ano debutou como actriz traballando na ópera prima de Anxos Fazáns, *A Estación Violenta*, onde a súa canción "Azulejos" forma parte do universo musical do filme. Traballou, xunto a Carmen Conde, na execución musical do espectáculo "Tabú" (Tarabela Creativa), unha peza de narración oral teatralizada con música en directo: cantigas galaicoportuguesas, cantigas populares galegas e mesmo un poema de Rosalía de Castro con base electrónica, realizadas e interpretadas por Laura LaMontagne.

En 2019 a cantautora e o DJ e produtor musical Pico Amperio xúntanse no proxecto musical LaMontagne & PicoAmperio, que combina poesía, sons do hip-hop e música medieval galego-portuguesa, poñendo especial atención nas obras de Martín Codax, Airas Nunes, Rosalía de Castro, Luz Fandiño. Fernando Pessoa e Xela Arias. En 2021 o dúo protagonizou o Concerto das Letras Galegas, organizado polo Consello da Cultura Galega no Auditorio Mar de Vigo, e en 2022 presentou o seu primeiro disco *Algo Que Sinalar*.

Laura LaMontagne colaborou tamén no proxecto audiovisual "Novas voces para a lingua", promovido pola USC e RAG para conectar a mocidade co idioma galego a través de creadores e referentes novos.

Neste ano 2026 a artista retomou a súa carreira en solitario co tema "SonRisas Falsas", no que fala das dinámicas abusivas da industria musical.

9LOURO

9Louro —proxecto persoal de Martín Louro, natural de Muros— é unha proposta innovadora dentro da música urbana galega, que foi gañando impulso e atención crecente entre a mocidade.

En 2024 debuta co seu primeiro álbum de estudio, *Nove noves*, e a súa actuación no marco do Outono Cultural da Universidade de Santiago de Compostela, en novembro de 2025, reuniu centos de persoas formando colas que se estendían por varias rúas ao redor da igrexa da USC, quedando moita xente sen poder acceder ao recinto por completarse o aforo; un síntoma claro da enorme conexión do artista co seu público e o fenómeno de afección que conecta coas novas xeracións.

En febreiro de 2026 presenta *Amorrer*, o seu segundo álbum, un traballo que consolida a súa voz dentro da nova música urbana galega. Con 14 temas que mesturan electrónica, ritmos urbanos e melodías emocionais, o disco constrúe un universo sonoro propio, cunha narrativa intensa sobre o amor, a perda e a identidade xeracional. *Amorrer* inclúe colaboracións con West Srk, Dirty Suc, Lil Chachi, Chris Indian e Ortiga, que achegan novas texturas a un disco diverso e cohesionado. O lanzamento deste álbum, cuxa produción musical correu a cargo de Yuly, vén acompañado dunha proposta escénica que combina música, iluminación e narrativa visual, ofrecendo unha experiencia inmersiva que está a percorrer diferentes salas e festivais ao longo da xira 2026.

A naturalidade no uso da lingua galega segue a ser un dos sinais de identidade de 9Louro, empregada como vehículo expresivo principal e integrada de forma orgánica nun son contemporáneo e global.

ANA IGLESIAS

Vigo, 1973.

Doutora en Filoloxía (2002) e licenciada con grao en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa, pola Universidade de Santiago de Compostela. Premio Extraordinario de Licenciatura (curso 1997/98) e Premio Extraordinario de Doutoramento da Facultade de Filoloxía (curso 2001/02).

Tras rematar a licenciatura, dedicouse á investigación no campo da Sociolingüística. Resultado deste labor son varios artigos publicados en revistas especializadas, como *Verba*, *Cadernos de Lingua* ou *Estudos de Lingüística Galega*, así como a participación en diversos congresos, de carácter nacional e internacional, ademais do libro publicado por Eds. Xerais, na colección Universitaria, baixo o título *Falar galego: "no veo por qué"* (2002).

Consello da Cultura Galega

Tamén participou na elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística) do ano 2004, como membro da Comisión Sectorial Nº 2, dedicada á Educación, Familia e Mocidade.

Nos últimos tempos tense especializado no ámbito da Política Lingüística Familiar, no que ten varios artigos, sobre a transmisión interxeracional en Galicia, en revistas como *RESLA*, *Estudos de lingüística galega.*

No ámbito laboral, cómpre destacar a docencia como profesora asociada no Departamento de Filoloxía Galega e Latina, na Universidade de Vigo (desde 2004 ata 2012), actividade que compartiu coa docencia no ensino medio na materia de Lingua Galega e Literatura, ata que no curso 2014/2015 se incorporou a tempo completo na Universidade de Vigo, onde na actualidade imparte aulas, tamén de lingua galega e literatura, na Facultade de Educación e Traballo Social, no campus de Ourense. Sempre compaxinou o seu traballo como docente e investigadora coa elaboración dos libros de texto de Lingua e Literatura Galegas da editorial Xerais, tanto de bacharelato como da ESO.